Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa SINSAL AUDIO, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de patrocinio publicitario do Festival SINSAL SON ESTRELA GALICIA 2021*” (Expte. 2020026339), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.400,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000128506.

14.31237.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN PROPIEDADE NO CONCELLO DE A GUARDA (EXPTE. 2020042290)

Dada conta que con data de rexistro 10/10/2019 (rex. núm. 2019048300), o *Concello de A Guarda* traslada a esta Deputación a reclamación formulada por determinados usuarios de baixos e garaxes da rúa do inmovible sito no nº 50 da rúa Concepción Arenal, polos prexuízos ocasionados e os danos na súa propiedade a consecuencia da execución das obras levadas a cabo na estrada provincial E.P. 3401 Acceso ao Porto, ocasionados na solera de mármore de acceso ao garaxe, consistentes no desconchado do canto da solera de mármore, e que cuantificaron economicamente en 350,90 €.

Resultando.- Que con data 13/11/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Mobilidade da Deputación que o emitiu na data 20/11/2019, co seguinte contido literal:

- *No presente escrito solicítase, entre outros, a información debido a que en períodos curtos, nos cales é necesario levar a cabo o formigonado da rúa, seguindo o plan de traballo das obras, teñen limitado o acceso ós seus garaxes. Dita actuación e período é coordinado entre a Policía Local do Concello de A Guarda e a empresa ORESA, S.L., no cal se colocan carteis e as oportunas ramplas, vallas e accesos peonís para a correcta execución da obra e seguridade peonil.*
- *Polo tanto, tendo en conta que unha obra sempre pode resultar molesta para os veciños que viven na propia rúa, o mantemento dos accesos tanto a vivendas como a garaxes foi coordinado da maneira adecuada para o confort dos veciños, usuarios da rúa e traballadores da propia obra.*
- *En canto á solicitude de avaliar e reparar os desperfectos localizados antes de finalizar a obra, unha vez finalizada e completa a actuación, debido a que en dita obra xa foi asinada a acta de recepción, compróbase con detalle que esta está completamente rematada e en bo estado.*

Pontevedra, 20 de novembro de 2019

*O Xefe dos Servizos de Infraestruturas e vías Provinciais e Director da obra,
Francisco Alonso Fernández-----*

Resultando.- Que con data 03/01/2020, D^a. _____ no seu propio nome e en representación dos veciños afectados, presenta a reclamación perante esta Deputación.

Resultando.- Que con data 03/02/2020, e de conformidade co establecido no artigo 4.1, apartados b) e c), e 76.1 da Lei 39/2015, emprazouse á empresa adxudicataria das obras, Oresa, S.L., para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, contestando na data 17/02/2020 o seguinte:

“En consonancia con el informe redactado por la Excm. Diputación de Pontevedra, a este respecto, al estar la obra terminada, en buen estado y recibida, no ha lugar a las reclamaciones de reparación de daños al estar estos totalmente subsanados”.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo polo seguinte:

- A actuación foi coordinada entre a Policía Local e a empresa Oresa, S.L., colocándose carteis e as oportunas ramplas, vallas e accesos peonís para a correcta execución da obra e a seguridade peonil.
- O mantemento dos accesos tanto a vivendas como a garaxes foi coordinado de maneira adecuada para o confort dos veciños, usuarios da rúa e traballadores da propia obra, tendo en conta que unha obra sempre pode resultar molesta para os veciños que viven na rúa.
- Unha vez finalizada a obra e completa a actuación, debido a que xa foi asinada a acta de recepción da mesma, compróbase que está completamente rematada e en bo estado.
- En consonancia con estes argumentos se pronuncia a empresa adxudicataria da obra ó manifestar que ó estar rematada a mesma, en bo estado e recibida, non proceden as reclamacións de danos.
- A forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.
- Non se produciron danos en outras vivendas pola mesma causa.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, os Xulgados do contencioso-administrativo de Pontevedra desestimaron os recursos presentados. Así, a Sentenza 313/09 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, deixou dito que:

“...la distancia de las obras a la vivienda, la naturaleza de las obras y su ejecución y la ausencia de otras reclamaciones desde luego las mismas no pueden acreditar por si solas dicha conexión entre las obras ejecutadas y los daños causados, más aun constando certificación acordada como diligencia final de la ausencia de otras reclamaciones acredita ese extremo y vista la documental obrante en el expediente en la que se evidencia la existencia de viviendas al menos dos en el mismo lugar que la del actor (...), no se comprende como los daños aparecen en la vivienda del actor y no sin embargo en esa vivienda...”

Na mesma liña argumental, as seguintes sentenzas:

Do xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, a sentenza 222/08:

“Es palmario que vista dicha documental y aún las distintas fotografías aportadas que en el frente de la vivienda de los actores ninguna obra se ejecutó, iniciándose los trabajos en un punto más allá de la vía y de movimientos de tierras ya en la entrada de la glorieta (...) Llama la atención sobre un extremo y es la ausencia de daños en un muro de piedra superpuesta y que se encontraba entre las obras y la vivienda no apareciendo como creíble que pudiera afectarse el muro”.

Do xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, a sentenza 167/08:

“La causa de las grietas aparece descrita en términos muy genéricos sin especificar las características del terreno y los medios materiales e instrumentos empleados en la ejecución (...) sin la suficiente minuciosidad para hacer surgir la responsabilidad patrimonial de la Diputación Provincial pretendida en la demanda”.

Do xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, as seguintes sentenzas:

- Sentenza 150/08:

“A pesar de los esfuerzos probatorios desarrollados en vía administrativa y en esta judicial por la parte actora, no se ha acreditado suficientemente no ya el nexo de causalidad exigible entre el daño que se reclama y el funcionamiento de un servicio público sino la propia responsabilidad de la Diputación Provincial en la causación de los desperfectos que sufre la vivienda (...)”

- Sentenza 41/13:

“Tampoco ha resultado suficientemente concluyente la prueba practicada por la parte actora a la hora de demostrar que la Diputación, en su condición de Administración titular de la vía y por tanto, encargada de su correcta señalización y conservación, hayan desatendido tales funciones (...) El informe pericial que el reclamante aportó ya en vía administrativa, no sólo no fue debidamente ratificado en sala, a presencia judicial, sino que además hay que decir que realiza afirmaciones de “cierta vaguedad”, poco concretas al respecto del método de ciencia empleado por el técnico informante para llegar a la conclusión de que son las vibraciones producidas en las inmediaciones de la carretera (...) las que han ocasionado grietas en el interior de la vivienda (...) sin expresar suficientemente en qué método o razón de ciencia se apoya a tal fin, es decir, sin especificar si en sus conclusiones ha descartado otro tipo de circunstancias tales como la fecha de construcción del edificio y la de su consiguiente asentamiento sobre el terreno, o una deficiente construcción”

- Sentenza 115/14:

“En el presente caso de autos, la parte actora no ha acreditado que las grietas que aparecieron en su vivienda fueran debidas a las obras realizadas en el vial por la empresa Covsa. Así, en primer lugar, consta en el expediente administrativo fotografías realizadas por la mercantil Covsa antes del inicio de las obras, donde se observa la existencia de grietas en la vivienda antes del inicio de las obras (...) En segundo lugar, el perito de la parte actora manifestó que el informe lo confeccionó por las manifestaciones que le realizaron los propietarios y que las grietas podrían ser como consecuencia de las obras, afirmaciones de cierta vaguedad, poco concretas al respecto del método de ciencia empleado por el perito informante”.

Abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación.

15.31238.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN PROPIEDAD NO CONCELLO DE PONTEAREAS (Expte. 2020058250)

Dada conta que con data de rexistro 28/12/2020 (rex. núm. WEB2020045876) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D. Miguel Esteban López de Quintana en representación de D. Antonio Vales Iglesias, por danos na súa propiedade, sita na zona de afección da estrada provincial E.P. 2703, no Concello de Ponteareas, producidos, segundo manifesta, dende hai anos en época de fortes precipitacións, a consecuencia do desbordamento da canalización de augas de dita estrada, e na cal solicita a reparación da causa que provoca os danos, así como a indemnización dos xa ocasionados que ascende, segundo o informe pericial achegado, a 250 €.

Resultando.- Que con data 02/06/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 01/02/2022, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O lugar da reclamación pertence á zona de afección da E.P. 2703, na marxe esquerda do p.q. 14+500.

SEGUNDO.- O reclamante aporta un informe pericial no que se recollen varios aspectos:

- *O primeiro é referente á limpeza das cunetas da marxe da estrada no fronte da súa propiedade. Ten un afundimento no firme da entrada dentro da súa parcela, e di que é como causa das acumulacións de augas na rede de drenaxe. O custe da reparación do pavimento ascende á cantidade de 250 euros, segundo a valoración aportada polo reclamante.*
- *Referente á existencia de danos no muro, o propio informe pericial que aporta o reclamante considera que son de mais antigüidade que a presente reclamación.*
- *No outro acceso que ten, refire que se producen atascos no salvacunetas, aínda que non hai outros danos.*
- *O seguinte punto que reclama é relativo ó camiño da parte traseira da finca, que considera abandonado e de necesaria limpeza. Este vial pertence ó Concello de Ponteareas.*

TERCEIRO.- Procedeuse á limpeza dos elementos da rede de drenaxe no fronte da parcela referida. Esta tarefa forma parte das actividades ordinarias que realiza a Deputación Provincial con servizo de mantemento de estradas. A última vez que se limpou foi a finais de abril de 2021.

A rede de drenaxe ten capacidade suficiente para recoller as aportacións de choiva normais.

A rotura do pavimento non ten por qué ter relación directa coas choivas e a limpeza das cunetas, xa que o terreo pode afundirse por outras causas (mala compactación, materiais inadecuados, correntes subterráneas...) orixinando a rotura do pavimento.

Respecto dos atascos no salvacunetas, aínda que o Servizo de Conservación proceda de xeito voluntario á súa limpeza para evitar males maiores na estrada, segundo o artigo 129 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, "A conservación e mantemento do acceso, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, corresponderalle á persoa titular da autorización", polo que a realización da limpeza da citada condución é do propietario".

Firmado por M^a Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro.

Firmado por Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu-se o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1^a do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, debido a á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- No informe pericial aportado polo reclamante recóllese que *"en esa zona por el interior de la finca verificamos la existencia de un pozo y hundimiento del terreno con daños en el muro de cierre si bien estos daños los consideramos de más antigüedad"*.
- No outro acceso que ten, refire que se producen atascos no salvacunetas, aínda que non hai outros danos.
- No referente ó camiño da parte traseira da finca, que considera abandonado e de necesaria limpeza, este vial pertence ó Concello de Pontearreas.
- Procedeuse á limpeza dos elementos da rede de drenaxe no fronte da parcela referida, dentro das actividades ordinarias que realiza o servizo de mantemento de estradas da Deputación.
- A rede de drenaxe ten capacidade suficiente para recoller as aportacións de choiva normais.

- A rotura do pavimento non ten por qué ter relación directa coas choivas e a limpeza das cunetas, xa que o terreo pode afundirse por outras causas (mala compactación, materiais inadecuados, correntes subterráneas...) orixinando a rotura do pavimento.
- Respecto dos atascos no salvacunetas, aínda que o Servizo de Conservación proceda de xeito voluntario á súa limpeza para evitar males maiores na estrada, segundo o artigo 129 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, “*A conservación e mantemento do acceso, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, corresponderalle á persoa titular da autorización*”, polo que a realización da limpeza da citada condución é do propietario”.
- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de O Porriño, de data 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e Sentenza 187/2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre reclamante e reclamado -na segunda-, que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

16.31239.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE MARISCADORAS DE CARRIL- AMARCARRIL, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “MARISCADORAS A PÉ POLA IGUALDADE” (Expte. 2021013561)

A *Asociación de Mariscadoras de Carril- AMARCARRIL* solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Mariscadoras a pé pola igualdade*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da

igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 38 de 25 de febreiro de 2021.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 24 de setembro de 2021, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 4.152,94 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 21 de xaneiro de 2022, co número de entrada WEB2022002309, participa a renuncia á subvención concedida por importe de 4.152,94 euros para o proxecto de “*Mariscadoras a pé pola igualdade*”, pola imposibilidade de poder desenvolvelo debido a un malentendido no prazo de execución da actividade, e que no último trimestre do ano pola actividade laboral e pola situación xerada pola COVID-19 non a realizaron.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2021, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo terceira das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade quedar enterada da renuncia da *Asociación de Mariscadoras de Carril- AMARCARRIL (G-94157708)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 21 de xaneiro de 2022, co número de entrada WEB2022002309, relativo á subvención concedida por importe de 4.152,94 euros, para o proxecto “*Mariscadoras a pé pola igualdade*”, o abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2021.

17.31240.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE AYUDA A MUJERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE GÉNERO-XTODAS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “PSICOVIO” (Expte. 2021015871)

A *Asociación de Ayuda a Mujeres Víctimas de Violencia de Género-XTODAS* solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*PSICOVIO*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 38 de 25 de febreiro de 2021.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 24 de setembro de 2021, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 3.263,02 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, a través de escrito presentado pola Secretaria da asociación, no Rexistro electrónico da Deputación, o día 27 de xaneiro de 2022 e co número de entrada WEB2022003005, participa a renuncia á subvención concedida por importe de 3.263,02 € para o proxecto de “PSICOVIO”, debido a que por motivos alleos á asociación tiveron que suspender a súa realización e non puideron desenvolver o proxecto.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2021, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo terceira das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade quedar enterada da renuncia da *Asociación de Ayuda a Mujeres Víctimas de Violencia de Género-XTODAS (G-94136215)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 27 de xaneiro de 2022, co número de entrada WEB2022003005, relativo á subvención concedida por importe de 3.263,02 €, para o proxecto “PSICOVIO”, o abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2021.

18.31241.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022004090 que contén 20 facturas e por un importe de 10.482,92 € e con CSV:R9K25SOZ2BK1BDN7, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 27 de xaneiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	10.508,95 €
Descontos do IRPF.....	26,03 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	10.482,92 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2022004195 que contén 1 factura e por un importe de 15.209,10 € e con CSV:ZD3DQ3NZL9UDEB04, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 27 de xaneiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	15.209,10 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	15.209,10 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

19.31242.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO E DOCENTES PARTICIPANTES NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2020 (5ª MOBILIDADE) (Expte. 2021009016)

O 5 de novembro de 2019 publicouse a convocatoria de propostas 2020 do programa ERASMUS+ (EAC/A02/2019, Diario Oficial da Unión Europea 2019/C373/06 aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) N° 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de data 11 de decembro do 2013, pola que se crea o programa “ERASMUS+”, programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O día 10/02/2020 ás 13:38’05” (hora de Bruxelas, Bélxica GMT+1), a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado “PRACTICUM DEPO 2020” (ID do formulario: KA102-641731EC) dentro da acción clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

O ámbito de actuación do proxecto: Irlanda, Italia, Portugal, Malta, Alemaña, Grecia, Finlandia, Países Baixos, Islandia, Polonia e Francia.

Nº participantes: 111 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 10 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 31 meses (1 de xuño de 2020 ao 31 de decembro de 2022) . Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

A *Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu resolución asinada con código electrónico: CSV: GEN-4fa4-2fd0-b458-ad92-6b1b-8db4-bd70-f9a3 de data 31/07/2020 ás 14:26 CET pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de Proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2020, concedendo unha axuda para a realización do proxecto “PRACTICUM DEPO 2020” por importe de 571.051,00 euros.

Trátase dun proxecto plurianual (2020-2022) e para a anualidade 2020 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 31 meses, que computa do 1 de xuño de 2020 ao 31 de decembro de 2022.

Con data 23/10/2020, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.

De acordo co previsto na memoria do proxecto en cada un dos Centros de Formación Profesional constituíuse un Comité de Mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou a oficina de mobilidade que, como instrumento executivo do comité de mobilidade, asesorará en materias xerais relativas á mobilidade do PRACTICUM DEPO 2020, as prácticas, seguros e viaxes, dando cobertura aos participantes e localizándolles a información necesaria para xestionar o desprazamento, a estancia así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas súas prácticas.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en varias quendas:

- O primeiro grupo comprende un total de 8 alumnos que iniciaron a mobilidade en febreiro do 2021 con destino Italia, Portugal.
- O segundo grupo comprende un total de 3 alumnos que iniciaron a mobilidade en abril do 2021 con destino Portugal, Malta e Suecia.
- O terceiro grupo comprende un total de 6 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo do 2021 con destino Portugal, Italia e Malta.
- O cuarto grupo comprende un total de 34 alumnos que iniciaron a mobilidade en outubro do 2021 con destino Italia, Portugal, Francia, Irlanda, Malta e Romanía.
- O quinto grupo comprende un total de 21 alumnos e 2 docentes que iniciarán a mobilidade en febreiro e marzo de 2022 con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta , Finlandia e Países baixos.
- O sexto grupo comprenderá un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xullo de 2022

A duración normal das prácticas no país estranxeiro é de 182 días (aproximadamente 6 meses e 2 días), podendo ser superior ou inferior. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data. Non obstante, como consecuencia da situación provocada polo COVID, este prazo foi ampliado a 18 meses. O importe das bolsas vén determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

O cálculo da axuda está en función do número de días e do país de destino, segundo vén establecido nas táboas de cálculo aprobadas regulamentariamente, polo que este cálculo podería verse modificado no suposto de que se produza unha variación no número de días. A Mobility Tool realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as franxas de distancia establecidas.

A Guía do programa Erasmus+ establece diferentes procedementos de pago para beneficiarios da subvención Erasmus+. En relación ao pago de prefinanciación realizado polo SEPIE á Deputación, este ten lugar no prazo de 30 días a partir da data en que a última das dúas partes asine o acordo de subvención ou en que se notifique ao beneficiario a decisión de subvención e, se procede, se reciban as garantías necesarias. Deste modo, a Deputación de Pontevedra xa ten ingresada na tesourería a contía correspondente ao 80% do pago da subvención concedida con anterioridade á realización

das accións. Por conseguinte, da mesma forma que a finalidade desta prefinanciación é proporcionar ao beneficiario fondos de tesourería, o beneficiario debe proceder a proporcionarllelos aos mozos recién titulados beneficiarios, á súa vez, da bolsa Erasmus+.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas de planificación previa dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Ademais das mobilidades do alumnado, o proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 tamén contempla mobilidades de docentes e persoal. En concreto, foron aprobadas 10 mobilidades de formación e 1 visita preparatoria.

Con data 27 de abril de 2021 celebrouse unha reunión cos centros docentes do consorcio do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 na que se realizou a asignación das mobilidades de docentes mediante un sorteo a través dunha aplicación web.

Realizado o sorteo, o resultado é o seguinte:

- 1.- CFEA Louizán
- 2.- IES Salvaterra
- 3.- CIFP A Xunqueira
- 4.- IES Pedro Floriani
- 5.- IES Antón Alonso Ríos
- 6.- IES Chan do Monte
- 7.- EFA A Cancela
- 8.- IGafa
- 9.- IES Johan Carballería
- 10.- IES Ribeira do Louro

O docente do centro IES Salvaterra vai realizar a mobilidade do formación no mes de marzo de 2022 en Finlandia e a docente do centro CIFP A Xunqueira vai realizar a mobilidade do formación no mes de marzo nos Países Baixos.

Con data 29 de xaneiro de 2022 emitíuse informe – proposta para a adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado e docentes participantes no proxecto Practicum Depo 2020 (5ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace da Deputada Delegada.

Con data 31 de xaneiro de 2022 Intervención emitíu informe de fiscalización favorable para a adxudicación de 23 bolsas de mobilidade destinadas ao alumnado (21) e docentes (2) participantes no proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2020 (5ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 160.695,00€ que se aboarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2420.481.01.2020 22/240.2420.481.01.20201, 22/240.2420.481.01 do proxecto de gasto 2000002__PRACTICUM DEPO 2020-2022.

Normativa aplicable:

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2020 do programa ERASMUS+ (EAC/A02/2019, Diario Oficial da Unión Europea 2019/C373/06), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2022.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e docentes que participan neste proxecto PRACTICUM DEPO 2020 (5ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 5ª mobilidade, solicitouse informe de fiscalización para a concesión das bolsas de mobilidade pola contía de 160.695,00€ que se aboarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2420.481.01.2020 22/240.2420.481.01.20201, 22/240.2420.481.01 do proxecto de gasto 2000002__PRACTICUM DEPO 2020-2022.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e docentes que participan neste proxecto PRACTICUM DEPO 2020 (5ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe). Para esta 5ª mobilidade con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta, Finlandia e Países baixos a contía ascende a 160.695,00€ que se aboarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2420.481.01.2020 22/240.2420.481.01.20201, 22/240.2420.481.01 do proxecto de gasto 2000002_PRACTICUM DEPO 2020-2022 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

Dito ANEXO e como segue:

ANEXO

Nome e apellidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
Mª Lorena Freiria Quintas	Emerxencias sanitarias	IES Ricardo Mella	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Vianny Peña Sánchez	Emerxencias sanitarias	IES Ricardo Mella	ITALIA	28/02/2022	30/06/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Soufia Sidki	Coidados auxiliares de enfermaría	IES Ricardo Mella	ITALIA	28/02/2022	30/06/2022	125	5.238,00	360,00	5.598,00	5.038,20	559,80
Gael Vaamonde García	Operacións subnáticas e hiperbáricas	IGAEA	MALTA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Laura Blanco García	Xestión Administrativa	IES Ribeira do Louro	IRLANDA	28/02/2022	26/08/2022	182	8.652,00	275,00	8.927,00	8.034,30	892,70
Juan Carlos Lorenzo Villar	Soldadura e Calderaría	IES Salvaterra	FINLANDIA	28/02/2022	06/08/2022	162	7.732,00	360,00	8.092,00	7.282,80	809,20
Yeray Groba Correa	Soldadura e Calderaría	IES Salvaterra	FINLANDIA	28/02/2022	06/08/2022	162	7.732,00	360,00	8.092,00	7.282,80	809,20
Oliver Barranto Castillo	Sistemas microinformáticos y redes	IES Ramón Mª Aller Ulloa	PORTUGAL	28/02/2022	06/08/2022	162	6.728,00	180,00	6.908,00	6.208,20	689,80
Lida Suárez Sobrido	Video disc-jockey e son	Audiovisual de Vigo	PORTUGAL	28/02/2022	30/06/2022	125	5.238,00	180,00	5.428,00	4.876,20	544,80
Borja Torres Rodríguez	Video disc-jockey e son	Audiovisual de Vigo	PORTUGAL	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Sergio Bouzas Alborja	Video disc-jockey e son	Audiovisual de Vigo	PORTUGAL	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Antía Lage Rodríguez	Actividades Comerciais	IES Indalecio Pérez Tizón	ITALIA	28/02/2022	06/08/2022	162	6.728,00	360,00	7.078,00	6.370,20	707,80
Nerea López Rivera	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Juan Felipe Rojas Suárez	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Iria Alves Frasquet	Actividades físico deportivas no medio natural	IES Terra de Turonio	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.528,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80



Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
Carlos David Villanueva Gaitán	Electromecánica de vehículos automóbiles	IES Vilalonga	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Javier Fernández Peón	Electromecánica de vehículos automóbiles	IES Vilalonga	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Yago Rodríguez Barcala	Electromecánica de vehículos automóbiles	IES Vilalonga	ITALIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.518,00	360,00	7.878,00	7.090,20	787,80
Gabriel Santiago Alfonso	Sistemas microinformáticos y redes	IES Chan do Monte	FINLANDIA	28/02/2022	26/08/2022	182	7.732,00	530,00	8.262,00	7.435,80	826,20
Alán Portela Orejas	Sistemas microinformáticos y redes	IES Chan do Monte	FINLANDIA	28/02/2022	06/08/2022	262	7.732,00	530,00	8.262,00	7.435,80	826,20
David Taboada Campos	Sistemas microinformáticos y redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	28/02/2022	06/08/2022	262	7.518,00	180,00	7.698,00	6.928,20	769,80
Juan José Díaz López	Docente- soldadura	IES Salvaterra	FINLANDIA	21/03/2022	25/03/2022	7	819,00	530,00	1.349,00		
Pilar Brenlla Villar	Docente- Inglés	CIFPA Xunqueira	PAISES BAIXOS	07/03/2022	11/03/2022	7	728,00	275,00	1.003,00		
									160.695,00€		

20.31243.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

21.31244.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.